



B.O.I.

BOLETÍN OFICIAL DE ITÍNERA

Nº 5 Nadál 2012

Exemplar gratuito



¡MANS Á OBRA!

EDITORIAL

Carlos Martínez

Páxina 2

ITÍNERA CONTRA O ESTIGMA

Beatriz Guerra

Páxina 3

VOLUNTARIOS: UNHA APOSTA POLA FORMACIÓN

Redacción

Páxina 4

UNHA NOITE DE MEDO

Raúl Andrada

Páxina 5

NOITE DE CINE E LÚA

Redacción

Páxina 6

O TORNEO

Lucía Vicente

Páxina 7

GRACIAS A VÓS

Carol Bret

Páxina 8

UNHA OLLADA RÁPIDA ÓS NOSOS PROGRAMAS


Páxina 9

**LIBROS RECOMENDADOS NO CLUBE DE
LECTURA 2012**

Páxina 10

HORARIO ACTIVIDADES

Páxina 10



Asociación_itinera@hotmail.com
Rúa República Árentina, 22-5º esquerda
Teléfono de contacto: 685 990 448

Editorial

Non vou caer no tópico, este ano non escribirei sobre a crise nin sobre a falta de cartos, porque a verdade... nunca os tivemos, ni con crise nin sin ela. Todo o fixemos con moito esforzo, vontade e unha boa dose de imaxinación. Aínda que esto xa volo contamos en boletíns anteriores Así, que non, non podo dicir que o ano 2012 foi o “Annus Horribilis” do que fala todo o mundo. De feito, coido que este foi un dos nosos mellores anos.

Por unha banda concretamos a nosa intención de romper muros e construír pontes con outras entidades que estaban ao noso carón e cos que afrontamos os retos dunha colaboración eficaz e coordinada para unir esforzos e compartir recursos. Isto explica que este fora un período de xuntanzas, con xente que traballa con xente e cos que organizamos actos en común como as Xornadas de formación de Voluntariado, os Campamentos de Verán, a celebración do Día Mundial da Saúde Mental e outros tantos que quedan por vir. Estas colaboracións en sí mesmas foron, se cadra, un dos maiores exitos do ano. Gracias aos nosos amigos de Xaruma, Andaina, TPGalicia, Asbiga e Fonte da Virxe por facernos sentir que non camiñamos sós. O traballo con vós é moito mellor.

Gracias tamén os voluntarios, posiblemente este curso tiveramos un dos mellores equipos que podo lembrar. Persoas comprometidas, traballadoras, creativas e cunha ilusión moi contaxiosa. Eventos como a “Noite de Cine e Lúa”, no Cemiterio Vello de Conxo, non se podería realizar sen a vosa forza.... e o resto dos programas tampouco.

Gracias ós usuarios, porque nunca dobraron os xeonllos. Algúns traballaron a reo en condicións ambientais moi difíciles, outros pasaron pechados longas horas de estudo sacando a ESO ou o bacharelato, e noutros casos, fixeron algo, se cadra, moito mais difícil :Abriron as súas portas ó mundo e deixaron o medo atrás.

E logo, claro, están os Tornillos.... O noso equipo de fútbol que reparte malleiras nos campos de fútbol coa mesma facialidade coa que fan amigos, como vos poden contar os alumnos da Facultade de Psicoloxía (8-0) ou a Oficina de Acolida do Peregrino (6-1). Este ano acadaron o “I Trofeo Solidario Hospital Psiquiátrico de Conxo” e prometen que non será o último.

Gracias tamén ós socios, o voso apoio económico e anímico é fundamental, saber que estades ahí apoiando un traballo silencioso que moitas veces nin se ve nin se escoita e case un acto de fé do que somos conscentes e do que os profesionais de Itínera tentamos ser merecedores tódolos días.

Para o ano que entra, planeamos seguir crescendo, non só en actividades, senón tamén en ilusións. Seguiremos mantendo a iniciativa procurando, día a día, unha Asociación mellor que cada vez chegue a máis xente. E queremos que todos vós sigades ahí para poder contárvolo.

Carlos Martínez Uzal
Coordinador



Itinera contra o estigma

Por Beatriz Guerra

Debido o meu traballo en institucións psiquiátricas, sempre ti ven unha visión parcial dos trastornos mentais crónicos. Acolle a persoas e familias en estado de crise, ou pacientes xa cronificados, fai que vexas o lado máis negativo do trastorno (illamento do paciente, déficit nas relacións sociais, comunicación deteriorada, conflictividade e hostilidade, etc...) A enfermidade, en moitos casos, toma o control da vida da persoa e das súas familias, desfazendo desde xeito todo o que se tiña construído ata entón (familia, amigos, parella, traballo, estudos, ...) e o máis importante: a propia identidade da persoa.

O propósito da Asociación Itinera é que estas persoas recuperen as súas vidas e constrúan o seu futuro sen a presenza absoluta do trastorno. Tal obxectivo vese

reflexado na “cultura” da organización. Parte desa cultura está na linguaxe (as palabras relacionadas coa enfermidade non saen en ningunha conversación), nas relacións (o usuario e o voluntario traballan arreo para acadar o mesmo obxectivo), nos comportamentos (non hai espazo para o rol de vítima nin para o paternalismo) e nas normas (non existe diferenza de trato entre o voluntario e o usuario da actividade).

É difícil illarse nas actividades da asociación. O coordinador procura sempre organizar o traballo en equipo. Aínda que poida que algún voluntario dirixa algunha parte da actividade, todos temos as mesmas responsabilidades no grupo e isto permite coñecernos entre nós.

Gracias a esta “cultura” de organización, as persoas usuarias

perden a etiqueta psiquiátrica de enfermas. O estigma asociado a esta etiqueta impide que acaden a meta dunha vida plena. Comportarse sen ela permite vislumbar persoas diferentes e polo tanto, persoas totalmente integradas na sociedade.

Merece a pena subliñar o que acontece nos fins de semana en Merza, cando pasamos máis dunha xornada xuntos: As horas da comida e da cea, traballar na leira ao carón da casa, facer roteiros polos arredores do pobo ou quentar as mans no lume, permítenos coñecer de verdade quen somos cada un de nós libres das etiquetas. Nesas intres non somos voluntarios nin usuarios. ¡Nesas intres, descubrimos de verdade á persoa que sempre tiveches ao teu carón e non acadaras ver ata agora!

Voluntarios: unha aposta pola formación

O eido da Saúde Mental presenta un campo de traballo moi extenso que abrangue a diversas disciplinas académicas. Estámonos a referir, non só á ciencia médica ou a psicoloxía, senón tamén os eidos da pedagogía, o Traballo e a educación Social e incluso do Dereito.

Tal amplitude de aspectos provoca que para a maioría da sociedade, a enfermidade mental sexa un ámbito descoñecido e se estigmaticen as persoas que a sofren. Pese a todo e dacordo coa OMS, 5 das 10 primeiras causas de discapacidade crónica no mundo son trastornos mentais (depresión, esquizofrenia, trastorno bipolar, trastornos de personalidade e trastorno obsesivo compulsivo) e cada ano se reportan 700 millóns de novos casos no mundo.

No referido a España 1 de cada 6 cidadáns se verá afectado por unha enfermidade mental ao longo da súa vida. Segundo a Sociedade Española de Psiquiatría (SEP), menos do 25% dos afectados é diagnosticado e tratado correctamente nos países occidentais. Por riba disto as persoas con enfermidade grave atópanse con grandes dificultades para desenvolver unha vida social, esta situación de illamento repercute na súa autoestima, calidade de vida e nas posibilidades de desenvolver as súas potencialidades. Ata o 80% destas persoas atópanse desempregadas.

Dende os anos 90 colleu novo

pulo o movemento asociativo referido a este sector, o que axudou a montar unha liña de dispositivos asistenciais paralela aos Hospitais e Centros de Saúde e que serviu de apoio as familias e ao saturado sistema sociosanitario pois comezaron novos servizos dos que antes se carecía.

A universidade de Santiago de Compostela non foi allea a este movemento de construción. Dende o ano 95 e a través da antiga Oficina de Voluntariado, hoxe SEPIU, colabo-

A día de hoxe, precísanse novas solucións para as novas necesidades que xorden da situación actual. Estas solucións pasan por unha formación máis específica e máis técnica, que mellore e faga máis eficaz o imprescindible traballo rehabilitador dos voluntarios, ao tempo que se rompen estigmas e se dá a coñecer o mundo dos trastornos mentais á sociedade en xeral.

Esta foi a razón principal pola que, o 12 de maio do 2012, cele-

brouse en Santiago o I Curso de Formación de Voluntariado en Saúde Mental. Organizado en colaboración coas asociacións: Xaruma escola de ocio e tempo libre, Fonte da Virxe, TPGalicia, Asbiga, Andaina prosaúde mental e na que contamos co psicólogo Carlos Álvarez como un dos ponentes. Máis de 50 persoas voluntarias se formaron neste día.

Cara o 2013 e xa có patrocinio da Universidade de Santiago, que ofertará un crédito de libre configuración, celebraremos un II Curso que terá unha extensión de 30 horas e que, ademais das entidades que xa colaboraron o ano pasado, contará con representación de profesionais do SERGAS e de FEAFES e coa presenza dos realizadores do documental "Fóra" sobre a reforma psiquiátrica en Conxo.

Renovamos, deste xeito, a nosa aposta pola formación dos voluntarios, na procura permanente dunha mellora na calidade do servizo que ofertamos e ó tempo que fomentamos a creación dun novo foro de discusión para tódalas entidades que traballan en Saúde Mental.



rouse a través da derivación de voluntarios coa conformación deste novo tecido asociativo en Saúde Mental, principalmente co voluntariado do Hospital Psiquiátrico de Conxo e coa Asociación Itinera, organización derivada deste servizo, que foi orixinalmente creada por voluntarios e que actualmente conta con catro traballadores.

Unha noite espeluznante: I ciclo noites de cine e lúa



O día marcado no calendario (14 de setembro), dende cada recuncho da xeografía galaica -non importa o lonxe que quedara-, seguindo a voz do Gran Amo, centos de súbditos (decenas segundo a patronal) percorreron os camiños guiados polos efluvios que desprendía a gran mama balorenta ata reunirse ó pé das portas que abrían paso ó interior da gran muralla do Camposanto Vello de Conxo.

Cando entre os convidados a impaciencia estaba xa a espertar o instinto fraticida tan propio do pobo español (dándose algúns episodios illados de devoración recíproca de falanxes), e sen que o movemento fora acompañado de son algún, de un modo case -por non dicir totalmente- fantasmagórico, as grandes portas viraron lentamente, con ademán insinuante, ate quedar completamente abertas. Os visitantes, sentíndose conducidos por una forza que se achaba máis alá da súa vontade, foron trasladados como quien no quiere la cosa por un pasadizo a cuxos laterais penduraban focos de luz de orixe inexplicada. Unha rama de árbore no medio do camiño estaba disposta a unha altura tal que os danos craniais permanentes quedaban suficientemente garantidos. Un pouco máis alá, agochado na escuridade, e con intención de provocar ataques ó

corazón irrecuperables, un ser que respondía ó nome de Nosferatu pero que en realidade era Manuel Valiño maquillado por Bea, asaltaba violentamente os viandantes que “no habían hecho nada”. Os superviventes pasaron a acomodarse como buenamente pudieron no patio de butacas (acondicionado con gran traballo pola man de obra escrava da asociación) e namentres non comezaba a proxección entrevíronse degustando os insectos que pasaban incautos por alí.

A sesión inaugurouse con Nosferatu (1922) o clásico do terror silente e adaptación non autorizada do Drácula (de Bram Stoker), dirixida polo pioneiro e coinventor da linguaxe cinematográfica Friedrich Wilhelm Murnau, un filme alemán do período de entreguerras non protagonizado por Emil Jannings. A película é certamente terrorífica, dominada polas sombras, as angulacións extremas da cámara e os efectos especiais de pacotilla, pero segue sen chegar as cotas de poesía visual amosadas polo autor alemán en “Tabú”, a súa última e máis madura obra.


Este aquelarre fílmico continuou coa proxección de “Crisis en DSM IV” (2012), o opus magnum realizado polos compañeiros da asociación, unha curtametraxe que oscila entre a aventura lucasiana e

o máis puro verismo herdeiro de Dziga Vertov ou Javier Fesser e que xoga coa ruptura da carta parede nun exercicio metalingüístico e posmoderno que fai palidecer ó seu carón ás mellores mostras do postureo godardiano.

A velada rematou con “La legión de los hombres sin alma” (1932), unha pequena xoia, que introduce probablemente por primeira vez o tema dos zombis e na que destacan o barroquismo da posta en escena, a intensidade dramática das interpretacións, e as súas posibles lecturas en clave sociopolítica. O protagonista, o lendario Bela Lugosi, unha institución do terror, está pasado de rosca, pero non dá a risa como na famosa adaptación de Drácula realizada pola Universal o ano anterior.

Tras despedir os convidados, que marcharon felices, finalizou o evento cun gran despregamento de medios para a recollida de todos os trebellos, evento que só foi posibles grazas á colaboración de

O día seguinte, moitos dos que alí estivemos, descubrimos abraia-dos ó espertar dous pequenos vultos no pescozo, que polo seu tamaño soamente puideron ser producidos por mosquitos de dimensións xigantescas.



“Noites de cine e lúa”

O 14 de setembro de 2012 a Asociación Itínera có gallo da Semana Cultural de Conxo organizou un ciclo de cine de medo no Cemiterio Vello do Hospital Psiquiátrico, lugar que levamos varios anos recuperando.

Esta actividade dirixiuse ó público en xeral, e particularmente os veciños do barrio, tamén os internos do Hospital e a outras entidades sociais e culturais que houberen colaborado dun xeito ou doutro coa rehabilitación psicosocial das persoas con Trastornos Mentais Severos nos últimos anos. A organización do evento involucrou a varias institucións; non só a Asociación Itínera e o Hospital Psiquiátrico, senon tamén a aquelas outras que deron apoio loxístico, neste caso o Centro sociocultural Aurelio Aguirre ou técnico como o Cineclub compostela.

Aquela noite axeitouse un espazo axardinado dentro do Cemiterio para a montaxe dunha pantalla e unha ducia de persoas

voluntarias se encargou de guiar e acomodar os visitantes. O evento axiña superou todas as expectativas previstas. Esperábase unha afluencia de público en torno o medio centenar de espectadores e o longo da noite presenciaron as dúas películas cerca de duascientas persoas. Enquisados os espectadores a saída da proxección as opinións foron sempre moi positivas, amosaban especial satisfacción os veciños do barrio que en moitos casos nunca estiveran anteriormente no cemiterio, ou xa, había máis de trinta anos que non o visitaran. Nas redes sociais os comentarios sobre o evento foron entusiastas. Unha vez rematadas as proxeccións o espazo voltou quedar pechado para seguir traballando na súa rehabilitación medioambiental.

O logro máis importante deste evento, foi que se organizou por un grupo de voluntarios e persoas con Trastornos Mentais Severos para un público aberto e transcendendo da temática da saúde mental. Aos

asistententes o acto non se lles publicitou que os membros do equipo da organización eran persoas con trastornos, simplemente se anunciou como un acto cultural e como tal se desenvolveu. Prescindíuse do etiquetamento que sempre acompaña as entidades do eido, na realización dun ciclo de cine, que en sí mesmo, foi unha actividade aberta cara a sociedade e completamente normalizada.

Nesta liña, próximamente, presentaremos novos proxectos.

¡A función continúa!





O torneo

Por Lucía Vicente

Son as catro e media da tarde do 14 de decembro de 2012. A Terra e o Sol alienáronse co centro da Vía Láctea. A choiva apocalíptica cae sen tregua. O calendario Maia tiña razón: o cataclismo futbolístico chegaba hoxe a Compostela. O inminente impacto entre os “Tornillos” cos “Peregrinos” acabaría coa nosa civilización.

A colisión tivo lugar nun campo magnético da Terra chamado Campo da Nosa Señora da Merced en Conxo. Os dous rivais loitaban porque aquel xigantesco asteroide entrara no arco contrario. Aínda que é certo que os Peregrinos comezaron con gran soltura, os Tornillos axustáronse; e foron os que estrearon o marcador cun gol de cabeza fóra do alcance do cancerbeiro contrario. A forza coa que se tirou o chicharro provocou chamadas solares que afectaron aos sistemas electrónicos e de comunicacións de toda a cidade.

De seguido chegou o empate, pero non serviu para compensar a feroz actividade electromagnética dos Tornillos, a cal sobrepasaba límites atmosféricos. Cinco lexendarios goles marcarían máis o noso equipo que semellaba de titanio de alta resistencia.

Pitouse a fin do mundo: o 6-1 aniquilaba calquera síntoma de indiferenza. Lonxe da decadencia devastadora, os sorrisos inundaron a todo ser humano presente a unha velocidade de 299.792.458 m/s. A vitoria estendeuse por todo o terreo. Os Tornillos proclamáronse vencedores do combate e levantaron o maxestuoso Cáliz arrebatado das mans do seu digno opoñente...

Calaron os vitorios e os aplausos da grada e o silencio caeu sobre o campo, pero as luces do estadio aínda estaban prendidas e entón, case como nun estado de ensoñamento, mirámonos os uns

para os outros... para o público, para os Tornillos, para os rivais... Non quedaba xa rastro ningún da hostilidade deportiva tan só caras de absoluta ledicia. O encontro rematara, comezaba a amizade.





Grazas a vos

“Non sei o que é,
mais as miñas bágoas caen
de gratitude.”
-Saigyo-

Sentir a gratitude de alguén a quen botas unha man é un valiosísimo bálsamo capaz de sandar todas as miserias ás que a sociedade nos ten cada vez máis acostumados.

Neste século vinteún que recén estreado xa se ten lucido é unha sorte incomparable atopar persoas nas que a hipocresía, tan estendida e promovida nos media, nos postos de traballo, nas escolas, etc., foi deixada a un lado, nese espazo do esquecemento onde residen as falacias da civilización, as mentiras do consumismo: sempre san, sempre guapo, sempre exitoso.

Compartir tempo e espazo con persoas que viviron nas súas carnes o sufrimento, que aprenderon da súa enfermidade que todos somos febles, vulnerábeis, fráxiles; que todos e todas necesitamos, máis cedo ou máis tarde, unha man amiga que nos acompañe, unha palabra amable que nos reconforte, un sorriso desinteresado, unha mostra de atención allea á indife-

rencia... Rodearse de persoas así, dicía, tan intensamente humanas, é unha grade sorte e unha fortuna sen igual.

Por iso, cando alguén nestas condicións tan particulares por intensas, que non por excepcionais, crava a súa mirada na túa e che di algo tan fermoso coma isto: “oxalá todo o mundo fora coma ti”, o corpo treme cunha sensación tan plena de alegría, que calquera esforzo vese inmediatamente compensado con creces.

Din os sabios nos libros de ética e filosofía que o que axuda a outro axúdase a si mesmo. E eu non podería estar máis de acordo. Non hai moito que un profesional da psicoloxía faloume do que el chamou “os tres grandes enemigos da depresión”: o sol, o deporte e a axuda prestada aos demais. Xa vedes que non cita pílulas, terapias nin misticismos de ningún tipo, o cal é de agradecer no entorno desta sociedade nosa tan medicalizada e asoballada por todos os flancos de gurús, coaches e demais pseudo-profesionais da saúde mental. Algo tan sinxelo coma o sol que sae cada día polo leste e se pon polo oes-

te. Algo tan á man de case todo o mundo como correr, saltar ou danzar corenta minutos cada día. Algo tan necesario como facer polos nosos conxéneros o que quixeramos que eles fixeran por nós. Sen truco nin cartón. E ademais de balde!

Enseguida recordei isto cando escoitei esas palabras tan xenerosas que antes mencionei. E non puiden máis que responder desta maneira: “Eu síntome orgullosa de poder facer algo por ti.” Non sei se nese momento o meu interlocutor comprendeu o que eu lle quería dicir, pero espero que agora, lendo estas palabras, si o comprenda.

Supoño que esta é a maxia dos encontros humanos nos que a hipocresía e o egoísmo son deixados de lado e olvidados. Sustituídos por unha vontade honesta de descubrir no outro, no que sendo distinto é tan semellante, o que esa persoa, e nada máis ca ela, ten de único, de especial. Porque descubriendo aos outros, descubrímonos a nós mesmos. Ensinando aos outros, nós tamén aprendemos.

...E así foi como axundando me axudei.

Unha breve ollada ós nosos programas

1. PROGRAMA ÁGORA. Dende Itínera impulsamos a creación dun centro de estudos co obxectivo de completar a formación académica e cultural de usuarios e usuarias que, pola irrupción da enfermidade, non puideron continuar os seus estudos ou, nalgún caso, non tiveron acceso a eles. Neste programa están incluídas actividades como: Grupo de apoio ao estudo; Informática, Escola de Idiomas; Desenvolvemento Cultural, a través de grupos de lectura, obradorios de escritura, iniciación ao cine e servizo de biblioteca; Análise Crítico e Debate, onde as persoas voluntarias e usuarias traballan conxuntamente e reflexionan sobre temas de actualidade e o noso equipo de Redacción que o longo de este ano reconstruirá o nosa web www.asociacionitinera.com e continuará

2. PROGRAMA HEFESTOS. Esta iniciativa trata de provomer entre os usuarios e as usuarias o seu desenvolvemento de habilidades prelaborais. Na actualidade está en marcha:

EQUIPO MEDIOAMBIENTAL. No que a través de grupos de traballo ou cuadrillas, formadas polas persoas usuarias e voluntarias, estase a recuperar un espazo hoxe abandonado onde estaba o antigo cemiterio do Hospital Psiquiátrico de Conxo. No traballo realízase tanto a limpeza de camiños, muros, edificacións, paseos, e o seu mantemento constante.

3. PROGRAMA HERMES. Este programa ten como obxectivo desenvolvemento de actividades de ocio e tempo de lecer. Dentro do programa Hermes encontramos as seguintes actividades:

PROGRAMA AMIG@S. É un programa de creación de rede social para persoas que carecen dela como consecuencia do illamento producido pola súa enfermidade. As persoas que solicitan este servizo, entran en contacto co grupo de voluntarios/as que promoven unha participación máis activa en actividades da vida cotidiana (cafeterías, cine, paseos...) ou nas propias actividades da organización.

XORNADAS ACTIVAS DE FIN DE SEMANA. Os sábados e domingos un grupo de rapaces/as acude á Casa Rectoral de Merza, no concello de Vila de Cruces, nun exercicio de convivencia. Entre as actividades que alí se realizan temos: sendeirismo e excursións programadas a lugares de interese histórico ou cultural así como as distintas romerías populares. No verán levamos a cabo campamentos temáticos de cinco días.

ARTES PLÁSTICAS. Actividade onde as persoas que participen poidan coñecer diversas técnicas e procedementos da plástica ao longo da historia da arte. Experimentación co debuxo técnico, modelado con barro e pintura, así como iniciación ao gravado, ao modelismo e á fotografía. **PROGRAMA TEATRAL PARA O HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO.** Usuarios e usuarias forman unha pequena compañía teatral que leva a cabo dúas representacións anuais coincidindo con fin de curso e Nadal.

4. PROGRAMA LAR. Ou Programa de Desenvolvemento da Vida Persoal, consiste nunha serie de actividades de carácter educativo encamiñadas á procura dunha vida autónoma e independente e ao aprendizaxe e desenvolvemento das habilidades sociais imprescindibles para a mesma.

Para iso o programa constitúese en tres bloques: **BLOQUE I: Cociña.** Adquirir coñecementos e habilidades para preparar diferentes comidas de forma autónoma. Á súa vez ofrecer un espazo de comedor, encontro e convivencia.

BLOQUE II: Actividades da Vida Diaria e Habilidades Administrativas. Conseguir transmitir o maior número de habilidades que permitan a realización das actividades da vida diaria, e faciliten acadar unha maior independencia. Entre estas: trámites económicos, burocráticos e/ou sociais.

BLOQUE III: Habilidades Sociais e Educación Sexual. Coñecementos básicos de cara a un desenvolvemento social integral axeitado e dunha sexualidade segura e responsable.

5. PROGRAMA HERACLES: É un programa adicado especificamente á xestión do voluntariado en Itínera. Inclúe:

Accións de captación de voluntariado: Participación en feiras, congresos e redes sociais.

- Cursos de formación de voluntariado: Xenéricos ou específicos sobre saúde mental.
- Actividades de xestión e coordinación co voluntariado: Reunións, encontros de experiencias, seguimento das actividades.

6. PROGRAMA HELIOS: Dende Itínera pretendemos crear unha rede de recursos tanto públicos como privados existentes na área da saúde mental co fin de dar unha mellor atención as persoas afectadas e ás súas familias, á hora de mellorar a súa situación psicosocial. Tamén pretende ser unha ferramenta de utilidade aos/as profesionais que traballan neste sector e lograr unha mellor coordinación entre todas as partes implicadas na atención ás persoas beneficiarias deste servizo.

Libros do clube de lectura 2012

- Érase unha vez na URSS . Dominique Lapierre
- O vello que lía novelas de amor. Luís Sepúlvera
- Iacobus. Matilde Asensi
- Baterbly o escribinte. Herman Melville
- A tres metros sobre o ceo. Federico Moccia
- Snuff. Chuck Palachniuk
- Tokio blues. Haruki Murakami
- We3. Grant Morrison e Frank Quitely
- Marvels. Kurt Busiek e Alex Ross
- O derradeiro encontro. Sandor Marai
- A ladrona de libros. Marcus Zusak
- A pantasma de Canterville. Oscar Wilde
- Contos da Alhambra. Washintong Irving
- Follas de herba. Walt Whitman
- Dune. Frank Herbet
- Vida e destino. Basilli Grossman
- Outra volta de torca. Henry James
- Historia universal da infamia. Jorge Luís Borges
- Ao oeste de Roma. John Fante
- Pedro e o capitán .Mario Benedetti
- Némesis. Philip Roth
- Xesús quéreime. David Safier

- O vermello emblema do valor. Stephen Crane
- O avó que saltou pola ventana e se largou. Jonas Jonasson
- A confesión. John Grisham
- A colina do mal consello. Amos Oz
- O Rei do Inverno. Bernard Cornwell



Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
11.00-12.00	INFORMÁTICA	INGLÉS Nivel Avanzado	INFORMÁTICA INGLÉS Nivel Medio	ARTES PLÁSTICAS	CLUBE DE LECTURA INGLÉS Nivel Básico	APOIO Ó ESTUDIO	XORNADAS ACTIVAS FIN DE SEMAN
12.00-14.00	APOIO Ó ESTUDIO	APOIO Ó ESTUDIO LAR I: COCIÑA	APOIO Ó ESTUDIO	APOIO Ó ESTUDIO	APOIO Ó ESTUDIO		
16.30-17.30	APOIO Ó ESTUDIO	ANALISE CRÍTICO INGLÉS Nivel Básico	INTERVENCIÓN MEDIOAM- BIENTE LAR III: HABILIDADES SOCIAIS	INICIACIÓN Ó CINE	FRANCÉS Nivel Básico e Medio FÚTBOL	XORNADAS ACTIVAS DE FIN DE SEMANA	
17.30-19.00	INFORMÁTICA	APOIO Ó ESTUDIO	INFORMÁTICA	APOIO Ó ESTUDIO	LAR II: ACTIVIDADES DE VIDA DIARIA		



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



"la Caixa"



Itínera

Voluntarios en saúde mental

